

GRUPO DE TRABAJO DE MESA SECTORIAL MÉDICOS URXENCIAS HOSPITALARIAS

Desenvolvemento Decreto 290/2001 do 31 de outubro

Con data 14 de decembro de 2005 constituíuse o grupo de traballo sobre condicións de traballo do persoal estatutario facultativo de urxencias hospitalarias, en cumprimento da encomenda realizada pola Mesa sectorial para avanzar un marco homoxéneo básico de condicións de traballo en tódalas institucións do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo da programación que corresponde aos órganos directivos das mesmas e das facultades dos respectivos órganos de representación dos traballadores.

Tras unha valoración global da problemática, e da constatación de condicións de traballo diversas neste colectivo, na reunión mantida o día 31 de marzo de 2006 acádanse as seguintes bases de acordo en canto a principios e liñas de actuación:

1. A actividade asistencial en urxencias é ordinaria e continuada ao longo de todo o día e todo o ano e require a presenza activa do persoal. Por esa razón tanto a xornada como as retribucións terán en conta ditas especificidades.
2. Sen prexuízo dos horarios que cada centro poda determinar, haberá unha xornada ordinaria en termos de horas/ano en función de que dita prestación sexa en quendas nocturna. Para estes efectos a incidencia do período nocturno na prestación de servizos anual terá especial relevancia.
3. Adecuaranse as retribucións complementarias para axustalas tanto á xornada realizada como ás especificidades da urxencia hospitalaria, coa análise das condicións particulares da prestación que deben ter incidencia en ditas retribucións complementarias, a realización do traballo en quendas, e no período nocturno.

Con esta adecuación retributiva debería ter carácter excepcional a aplicación de conceptos retributivos por exceso de xornada que tamén se prevén pero que teñen un concepto distinto á gardas tendo en conta a natureza activa da prestación en urxencias durante o período tradicional de garda.

4. En materia de vinculacións temporais, a selección de aspirantes será mediante convocatorias regradas que fomenten a participación dos aspirantes coa valoración de servizos noutros baremos de acceso a postos de persoal facultativo. As modalidades de vinculación temporal se realizarán adecuadas á causa e sobre estas novas condicións

coa procura de fomentar a opción dos aspirantes pola prestación da urxencia hospitalaria.

5. Con base nas características propias desta actividade profesional, conséntase a necesidade de deseñar un itinerario profesional para os profesionais da urxencia hospitalaria, ben mediante postos de traballo con características de prestación e horario determinadas nos servizos ou ben coa participación noutras áreas de actividade compatibles coa titulación de acceso ao posto de urxencias.

Analizada a proposta dos membros do grupo de traballo e valorada positivamente se propón o seguinte acordo:

**PROPOSTA DE ACORDO SOBRE RÉXIME DE XORNADA, RETRIBUCIÓNS E
CONDICIÓNS DE TRABALLO DOS MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS
DO SERGAS**

1º. Obxecto e ámbito:

O presente acordo ten por obxecto regular a xornada e retribucións de determinadas condicións de traballo do persoal médico que preste servizos con vínculo estatutario fixo ou temporal nos servizos de urxencias hospitalarias e unidades adscritas a ditos servizos nas institucións sanitarias do SERGAS.

2º. Xornada de traballo:

Con carácter xeral, a xornada a realizar polo persoal médico de urxencias hospitalarias será ordinaria e complementaria, nos termos da Lei 55/2003, estatuto marco dos servizos de saúde .

A ordinaria será a realizada coa distribución horaria que se determine en función da programación funcional do centro que se recollerá nunha carteleira anual de traballo. Será obxecto de información á xunta de persoal con anterioridade a súa efectividade.

A xornada realizada en dito horario será a quendas de 1430 horas anuais, comprendendo un mínimo de un terzo da xornada anterior en horario de noite.

Se exceptúa da regra xeral anterior: O programa funcional determinará o posto/s de traballo nun servizo ou unidade de urxencias que non teña actividade no horario nocturno. Neste suposto a xornada anual ordinaria será de 1624 horas efectivas, coa distribución que se determine pola dirección do centro.

A xornada anual ordinaria debe ser de 1430 horas cando se fagan noites. Non aceptamos a proposta de que por debaixo de 47 noites anuais a xornada sexa de 1624 horas. Aceptariamos unha xornada anual de 1570 horas cando non se fagan noites.

Sen prexuízo de que as carteleiras se deseñen tendo en conta esta xornada anual efectiva ao longo do ano natural, dada a indispoñibilidade actual de médicos de urxencia e a necesidade de cubrir este área asistencial de indudable trascendencia para a poboación, deséñase un modelo retributivo que contempla un complemento de urxencia dedicado a retribuír a dispoñibilidade deste persoal para ampliar a xornada ata o límite máximo previsto nas normas en promedio de 48 horas semanais en cómputo semestral. Esta cobertura que motive a ampliación de xornada terá que ser distribuída equitativamente entre os profesionais da unidade en termos de horas e será retribuída co complemento de atención continuada ata as 48 horas e como hora especial cando esta se supere.

Poderá superarse a xornada de 48 horas anterior individualmente e co consentimento do profesional.

3º. Retribucións:

A. As retribucións básicas e complementarias: serán as correspondentes a un facultativo especialista de área.

B. Complementarias propias vinculadas á realización de xornada a quendas, nocturnidade e domingos e festivos:

- I. **Complemento por turnicidade:** devengarase cando un terzo da xornada ordinaria se realice a quendas de mañá, tarde e noite, incluíndo nesta última 47 noites.
- II. **Complemento por nocturnidade:** Cando se realicen anualmente 47 noites de mínimo 10 horas noite.
- III. **Complemento por festividade:** Cando a actividade recae en domingo/festivo nun horario mínimo de diario de 7 horas.
- IV. **Complemento de xornada:** retribúe a hora de xornada complementaria por encima da ordinaria.
- V. **Complemento de atención urxente:** de carácter fixo e periódico e retribúe a obriga de extensión da xornada ata o máximo legal.

As contías das retribucións :

Categoría: Médico de urxencias hospitalarias

SF-A-16 41.382,26€

Propoñemos que ese límite das 48 horas se traduza a un número máximo de horas anual e mensual (ou bimestral), para evitar a inseguridade de coñecer un límite certo entre a xornada complementaria e a especial.

A superación das 48 horas debe ser voluntaria. Por tanto, debe poñerse así ou ben indicar que o consentimento será expreso (non vale o consentimento tácito).

Turnicidade: pagarase sempre, non pode esixirse unha determinada cadencia na rotación (agás turnos fixos de mañán, claro). Ademais, debe constar expresamente que se considera rotación o traballo realizado independentemente de que se organice por quendas de 7 ou 10 ou 12 ou 17 ou 24 horas (ou calquera outra que se implante nalgún centro).

Nocturnidade: pagarase por cada hora nocturna, dende a primeira, non en función das noites.

Festividade: pagarase tamén polas horas realizadas en cada dom/fes, non por día. Debe recollerse expresamente a referencia aos festivos especiais.

C.Xornada: debe indicar expresamente que o seu valor será igual ao valor da hora ordinaria.

Non nos coincide a cuantía das retribucións fixas con ese valor. Esperemos que non teña trascendencia, anque quizáis fose mellor enumerar os conceptos.



Complementos ligados a atención continuada e permanente:

Complemento de turnicidade:70,70h/mes(12meses).....	848,40€
Nocturnidade	4,03€/h
Horas festivo	9,59€/ h
Xornada complementaria	16€/h

Complemento de atención urgente: de carácter fixo e periódico: 154,61€/mes

Horas xornada especial: valor hora xornada ordinaria 25,5€/h

Os permisos que teñan repercusión na xornada equivaldrán a 7 horas ou parte proporcional correspondente en función do horario.

4º. Condicións de traballo:

a. Programación funcional

A programación funcional da unidade será negociada co persoal médico de urxencias e procurará o acordo no seu deseño. De non haber acordo a dirección realizará a programación anual mediante resolución da dirección competente que a aprobe.

Nesa programación se conterá como mínimo a carteira de servizos, a determinación de postos de traballo e as características dos mesmos. O horario e a carteleira anual de presenzas e rotación. Tamén se conterán formas regradas de actuación ante indispoñibilidade de persoal para a cobertura excepcional de quendas de traballo, vacacións e horarios de reunión de traballo conxunta con todos os membros da unidade.

b. Proxectos compartidos con outras unidades

Se poderán realizar proxectos de xestión asistenciais ou de actualización formativa conxuntos ou compartidos con profesionais doutras unidades do propio centro ou unidades noutro centros do SERGAS, coa aprobación e impulso da dirección ou direccións implicadas, os proxectos permitirán a prestación de servizos temporais dos médicos de urxencias noutras unidades coa finalidade prevista en ditos proxectos.

c. Actualización de coñecementos e participación na investigación e docencia

No prazo máximo de un ano os servizos de urxencias propoñerán ante a dirección un proxecto de avaliación de competencias e actividades para ser realizada a avaliación

Os valores indicados son referidos loxicamente ao ano 2006, pero debe indicarse a súa revalorización anual.

A hora de xornada complementaria é o valor da hora ordinaria, que nos nosos cálculos son 26,70 euros (43.352,80 / 1624).

A hora de xornada especial será idéntica cando sexa voluntaria, pero se incrementará no 75% cando se faga por imposición do servizo motivada pola indispoñibilidade certa de persoal. Terá preferencia a contratación sobre o exceso de xornada.

Pensamos que debe aparecer a mención expresa ao CPV nas mesmas cuantías e condicións que os demais Facultativos.

Na determinación de cuadrantes de quendas prevalecerá o acordo entre o persoal do servizo.

A posta en marcha deste acordo non implica por si mesmo a modificación dos actuais sistemas de turnos.

As horas adicadas a reunións do servizo, sesións clínicas, rotacións ou intercambios noutros servizos, ou actividades similares, terán a consideración de tempo de traballo.

Deben incluírse regras para o cómputo e condicións de posibles turnos de localización, así como para a caso de acompañamento no traslado intercentros de pacientes.

Non vemos o sentido desta esixencia neste acordo, que non se dá noutros servizos. Non se indica ademais nin a finalidade de tal avaliación nin os efectos da súa superación ou non. Creemos que debe eliminarse.

cada tres anos. Para a súa eficacia terá que ser aprobado pola dirección médica do centro.

A dirección do centro, en función das súas características, determinará as condicións de realización de sesións clínicas, en horario compatible para as distintas quendas de traballo, formación para actualización e mecanismos de participación na investigación e docencia.

d. Acceso a carreira profesional

A comisión de seguimento deste acordo realizará unha proposta de criterios de baremación para o acceso a carreira profesional nos termos da LOPS.

5º. Sistemas de selección

A comisión de seguimento do acordo propoñerá a dirección do SERGAS os sistemas selectivos axeitados para a vinculación fixa e temporal deste persoal que teña en conta a especificidade do traballo e a valoración de servizos noutros postos ou categorías da mesma titulación de acceso no SERGAS. Procuraranse sistemas de baremación e selección que fagan atractiva a vinculación aos postos de traballo nas unidades e que redunden na mellora da calidade asistencial.

6º. Comisión de seguimento do acordo

De conformación paritaria entre membros designados pola administración sanitaria e os sindicatos asinantes. Velarán polo cumprimento do acordo nos centros e o tratamento homoxéneo aos profesionais da xornada, retribucións e condicións de traballo.

7º. Disposicións finais

Entrada en vigor: O presente acordo terá efectividade ao día seguinte da súa publicación no DOG.

CUESTIÓNS ADICIONAIS
(*non incluídas no texto do Sergas*):

XEFATURAS

Reiteramos a proposta de que as xefaturas deberán proveerse entre médicos do servizo de urxencias.

EXENCIÓNS

Incluir unha cláusula de exención de turnos de noite para maiores de 55 anos (en analoxía coa vixente exención para gardas).

PLANTILLAS

É necesario adquirir un compromiso de dimensionar as plantillas dos servizos, así como de eliminar o traballo precario.